



MODIFICACIÓN DE DOMICILIO SOCIAL DE SOCIEDADES E CLUBS INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

Instrucións para cumprimentar a documentación

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20 que as inscricións dos actos que deban acceder ao Rexistro **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 1 mes, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para modificación do seu domicilio social.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de Representación e Certificado do acordo de cambio de domicilio) as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos e apartados) que nos Estatutos da Entidade (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación).**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse as seguintes pautas:

- 1. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946A**), polo que se autoriza á FGC para tramitar a modificación de Domicilio Social no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado "**Nome**" o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de "**E, na súa representación**" o nome e apelidos e nº de DNI do/a presidente/a da entidade.

Este documento deberá asinalo o/a presidente/a ou representante da entidade no apartado "sinatura da persoa outorgante".

- 2. CERTIFICADO DE MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL.** Certificado do/a secretario/a da Entidade co visto e prace do/a presidente/a polo que se acorda o cambio de domicilio social da entidade.

Este documento deberá asinalo o/a presidente/a e o/a secretario/a da entidade.